

Según o Artigo 33 da ORDE do 17 de abril do 2019, polo que se establecen as bases reguladoras do procedemento TR301K polo que se establecen as accións formativas do Plan Formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2019/2021.

## Dereitos e deberes do alumnado

1. **A formación será gratuíta** para todo o alumnado das accións formativas derivadas desta orde.
2. O alumnado **terá dereito a percibir as axudas ou bolsas** que se establezan pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.
3. Dentro da programación de formación profesional para o emprego financiada con fondos públicos, o alumnado que resulte seleccionado para un curso **non poderá asistir en ningún caso a outro simultaneamente. Tampouco poderá causar baixa nun curso para acceder a outro**, salvo autorización expresa previa do/da respectivo/a xefe/a territorial, por causas excepcionais debidamente xustificadas.
4. Terán a obriga de asistir e de seguir con aproveitamento os cursos, **asinar os controis de asistencia, rexistrar a súa entrada e saída** do curso no sistema de control biométrico e facilitar a documentación que lle ten que ser requirida pola entidade impartidora o día da selección para a validación da acta, sobre o cumprimento dos criterios de acceso, así como o primeiro día do curso ou o día da súa incorporación ao curso. Neste último caso, **o alumno deberá entregar a documentación dentro dos 3 primeiros días lectivos do curso** ou dos 3 primeiros días lectivos desde a súa incorporación ao curso.
5. Nos cursos de especialidades formativas correspondentes a certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, **terán a obriga de presentar copia da documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso**. No seu caso, tamén deben presentar a documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais.